



Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Confederación Hidrográfica del Miño-Sil polo que se instrumenta a entrega dunha subvención para a creación de dúas bolsas de formación para alumnado do CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten previsto formalizar coa Confederación Hidrográfica del Miño-Sil o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia que abrangue o ano de realización das prácticas por parte dos estudantes bolseiros.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular o outorgamento dunha subvención nominativa pola CHMS á Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, concretamente, ao centro integrado de formación profesional A Carballeira – Marcos Valcárcel, para contribuír á formación práctica, no Laboratorio de análises e calidade das augas do Organismo Público, de dous alumnos do Ciclo Formativo de Grado Superior de Laboratorio de Análises e Control de Calidade que haxan finalizado os seus estudos no curso 2017-2018.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

- No orzamento de gastos para o ano 2018 da CHMS, que na aplicación orzamentaria 23.108.456A.450, establécese unha subvención de 20.000,00€ a favor da Xunta de Galicia





para Institutos de Formación Profesional para a realización de prácticas nos laboratorios de análises e calidade das augas do organismo.

- Que o instituto de ensinanza secundaria A Carballeira–Marcos Valcárcel transformouse en centro integrado de formación profesional o curso 2013-2014 por Decreto 49/2013, de 21 de marzo (Diario Oficial de Galicia de 25/03/2013), polo que se crean e se transforman institutos de educación secundaria da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que este centro educativo imparte o ciclo de e Laboratorio de análises e de control de calidade que inclúe módulos formativos con bloques de contidos relacionados directamente cas actividades levadas a cabo no laboratorio, polo que se considera o centro máis indicado para recibir a subvención do Organismo de cuenca.
- A CHMS ten interese en continuar coa participación e colaboración, iniciada fai catro cursos, na formación de expertos en materia ambiental para contribuír á consecución dos fins que ten encomendados.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Manuel Corredoira López

